

3. Formación de palabras

3.1. Derivación por sufixación

As nosas linguas son **flexivas e fusionantes**, pois as palabras, na súa maior parte, constan de dous elementos:

1. **Raíz ou lexema**, que aporta o fundamental do significado léxico.

2. **Sufixos e prefixos**, que proporcionan información léxica (menor que os lexemas) ou gramatical. Estes últimos dannos varios datos á vez (número, persoa, modo, tempo, voz...)

“Flexiva” quere dicir, figuradamente, que as palabras “dobran” por un punto para poder soldar á raíz diversos elementos. As nosas linguas son así por procederen do latín, que á súa vez pertence á familia indoeuropea: todos os seus idiomas son flexivos. Gran cantidade dos sufixos e prefixos que usamos proceden do latín: nuns casos, xa estaban presentes en palabras latinas; noutros, reutilizámoslos para formar palabras novas. Este procedemento chámase **derivación**, e é o principal medio do que os nosos idiomas se serven para formar novas palabras. Existe outro mecanismo: a **composición**, que consiste na unión de dous lexemas para formar novos vocablos; tratamos del noutro momento deste curso.



Para o que se refire á derivación por medio de sufixos, cómpre observar a presentación *Verba struimus (I)*, na que se desenvolve este tema a través de exemplos nos que se explica como herdamos de dous xeitos os sufixos latinos: nos propios vocablos da lingua de Roma que chegaron ata nós, e tamén de xeito independente, para formarmos novas palabras.

3.2. Derivación por prefixación e composición

Dentro do mecanismo da derivación, o latín (e con el as linguas romances), dispoñen de elementos para soldar ó inicio do lexema das palabras (e non ó final, como fan os sufixos): son os **prefixos**. Algúns deles teñen existencia independente, como as preposicións: moitas linguas indoeuropeas caracterízanse por darlle gran rendemento a esta clase de palabras.

En canto á **composición**, que definiremos como a unión de dous lexemas (nominais ou verbais), non é un procedemento para a formación de novas palabras que o latín e as súas sucesoras (as linguas romances) empregasen a cotío, sobre todo se o comparamos co grego ou, dentro das linguas xermánicas, o alemán; con todo, algúns exemplos hai.

Este apartado ilústrase abondosamente na presentación *Verba struimus (II)*.

